

POESÍA ■ O autor afonda na obra 'Da carraxe e da paixón' na procura da propia identidade a través da experiencia do amor sentido e perdido

Espiral Maior edita o cuarto poemario de Xosé Manuel Cairo

"A imaxe do amor sentido, e a do amor perdido. A esperanza da recuperación do amor, nas circunstancias que sexa. E unha manifestación de que ao longo do tempo se consegue a madurez suficiente para dicir que dalgún xeito chega por fin o sentimento que buscabas". O poeta Xosé Manuel Cairo Antelo (Noia, 1945) condensou con estas palabras o contido da súa obra *Da carraxe e da paixón*, que hoxe presentará na Galería Sargadelos da Coruña ás 20:00 horas, acompañado polo escritor e crítico literario Xulio Valcárcel,


o escritor Fidel Vidal e o editor, Miguel Anxo Fernán-Vello.

Espiral Maior publica este libro, o cuarto poemario de Cairo Antelo. "É completamente diferente ao que teño feito ata agora. Nunca antes publicara poemas de amor. Os outros poemarios situábanse no ámbito social, con algún sentido político nalgún momento. O cambio aos poemas de amor xurdiu sen que o buscase", explicou o autor.

Constitúen a obra "cincuenta e un poemas que tratan de xustificar a miña identidade". Son, "sobre

todo, poemas de amor que buscan unha definición dun mesmo. Falan das circunstancias vitais dun, vividas ou pensadas, pero sempre sentidas", salientou.

Da carraxe e da paixón está estruturado como "un todo, sen diferenciación en partes nin en termos cronolóxicos. O obxectivo non é que ningunha persoa concreta se identifique con eles, nin ningunha situación concreta, senón que calquera poida sentilos, entendelos...", apuntou o autor. "O prólogo do libro, que finalmente non se incluíu



Xosé Manuel Cairo Antelo

por erro, escribiuno Xosé María Álvarez Cáccamo, que cre que os poemas manifestan un sentimento de soidade, esperanza... e, no fondo, unha sensación de perda. O penúltimo poema resume todo o libro...", engadiu.

O proceso de escrita desta obra prolongouse durante dous anos.

"No libro reflíctense os altibaxos do sentimento do amor neses anos e, sobre todo, a forma de tir dunha persoa que sofre", contou. Respecto ao estilo do poeta, "a linguaxe é todo o sinxela puiden facela, sen abandonar a minoloxía culta. Son versos lib en poemas non moi longos. O ritmo está implícito no verso...", aclarou.

Cairo Antelo é tamén pintor e ilustrador de libros, ademais dunha persoa moi activa no asociacionismo cultural.

Ten publicados poemas e relatos en diversas revistas; en antoloxías como *Negra Sombra: Intervención poética contra a marea negra*; texto de homenaxe ao poeta Avilés de ramancos, —da man de quen se inspirou na poesía—, e a outros artistas en poemarios como *Rwanda*, *Rwanda Esas Mans*, en Cartafol de Poemas, *Impreciso xermolar dos renovos*, editorial Galinova. Tamén é doutor en Medicina pola USC. ● M. DOPICHA